



## AVISOS IMPORTANTES

### TRANSPORTE ESCOLAR.

As familias que desexen solicitar transporte escolar para o curso 2017-18 poden facelo na secretaría do Centro de 9:00 a 14:00 horas, onde se lles facilitará o impreso actualizado.

Os **usuarios excepcionais** poden solicitalo ata o día 6 de setembro, máis **agradeceríamos que o fixeran no mes de xuño**, co fin de organizar o transporte escolar antes de que comece o curso.

Os usuarios lexítimos que xa fan uso de transporte **non** teñen que entregar unha nova solicitude.

### AXUDAS ECONÓMICAS PARA MATERIAL DE EDUCACIÓN PRIMARIA E PARA OS LIBROS DE TEXTO DE 1º E 2º DE PRIMARIA.

Como se informou no último XOVESÍ, o prazo de presentación de solicitudes remata o día **23 de xuño (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)**.

Os vales entregaranse os días **29 e 30 de xuño**.

Os libros de 1º e 2º de primaria non se devolven ao Centro.

### LIBROS DE TEXTO DE 3º, 4º, 5º E 6º DE PRIMARIA.

Como xa se informou no último XOVESÍ, o prazo de presentación de solicitudes remata o día **23 de xuño (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)**.

Todas as familias que recibiron libros tanto da Xunta coma da ANPA teñen o compromiso de devolución; recolleranse todos o día **22 de xuño** nas aulas. Se teñen algúns libros do 1º e 2º trimestre na casa xa os poden ir traendo para non olvidalos.

Acompáñase folla de devolución/donación e solicitude dos libros do curso seguinte da ANPA, que deben enviar cuberta ao Centro canto antes. Entregarana á súa titora.

Na **segunda semana de xullo** entregaranse os libros do curso 2017-18.

**REUTILIZAR OS LIBROS É MOI IMPORTANTE. GRAZAS POR COIDALOS**